

**Prólogo de María-Carmen Guisán Seijas, Directora da Revista**

Comprácame presentar o Volume 27-3 da Revista Galega de Economía, o cal é unha homenaxe aos 50 anos dos estudos de Economía en Galicia e unha homenaxe aos 25 anos de existencia da Revista.

Os prólogos de Emilia Vázquez Rozas (Decana da Facultade), Francisco Conde López (Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia), Valeriano Martínez García (Conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia) e de Luís Caramés Vieites (Catedrático da Facultade e ex-Decano fundador da Revista), son unha excelente introdución que agradece a colaboración de todas as persoas que contribuíron ao éxito.

O Congreso foi organizado en 13 sesións de traballo, das que se presentaron por escrito para publicación neste volume 12 comunicacións, que ordenamos da seguinte forma:

Num primerio grupo, os artigos 1 a 3 corresponden a comunicacións en tema do emprego, tan importante para o presente e o futuro da nosa sociedade. A continuación, inclúense os artigos 4 a 7, correspondentes a comunicacións sobre os seguintes sectores produtivos da economía galega: Pesca, Enerxía e Minería, Turismo e Universidades. Un terceiro grupo de artigos, 8 a 10, está relacionado co importante tema do financiamento e inclúe unha comunicación sobre Financiamento Autonómico e dous sobre o Sector Financeiro e a crise. En cuarto lugar inclúese un artigo sobre Europa na encrucillada, co número 11, e o artigo número 12 sobre os incendios forestais. O volumen finaliza con una breve reseña histórica da Revista e dos estudos de Economía en Galicia.

Colaboraron no Congreso prestixiosos economistas e profesionais das universidades galegas e doutros ámbitos, incluíndo varias profesoras e profesores e dous ex-Presidentes da Xunta de Galicia: Fernando González Laxe e Emilio Pérez Touriño.

Este Volume está dispoñible na internet en dúas versións lingüísticas (galego e castelán). A versión en galego distribúese tamén de forma impresa. Unha campaña de difusión en prensa e nos Centros universitarios contribuirá sen dúbida a unha maior divulgación de moitos dos resultados da investigación económica cara á sociedade. A Revista Galega de Economía publica artigos relacionados coa economía galega, coa economía rexional española e europea, e con outras perspectivas económicas relacionadas con América Latina e con outras áreas do mundo. Está incluída en importantes índices de calidade científica internacional, como Scopus e o ranking SJR de Scimago. Moitos dos seus contidos teñen interese non só para estudantes e economistas, senón tamén para outras persoas preocupadas polo desenvolvemento económico.

Desexo que este volume teña un impacto moi positivo para impulsar o papel da investigación no desenrolo económico, e animo aos posibles lectores a que consulten artigos, con temas do seu interese, na Web da revista: <http://www.usc.es/econo/RGE/benvidag.htm>

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018.

María-Carmen Guisán Seijas. Catedrática xubilada de Econometría, Profesora Ad Honorem da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e Directora da Revista Galega de Economía.